

# falamos

CICLO DE **EXPERIENCIAS COMPARTIDAS** DO  
COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

Colexio Oficial  
de Psicoloxía  
de Galicia



A **Vogalía de Formación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia** abre un espazo para compartir **aprendizaxes e experiencias** entre os compañeiros e compañeiras do COPG, un punto de encontro para a profesión.

Unha vez ao mes, no espazo "Falamos, Ciclo de experiencias compartidas do COPG" podes compartir un webinar sobre unha publicación, un libro, unha investigación, un caso clínico, un programa de intervención psicolóxica...

Un punto de encontro para seguir sumando á psicoloxía profesional galega.

# falamos

CICLO DE **EXPERIENCIAS COMPARTIDAS** DO  
COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA



## bases

- Poderán enviar propostas **persoas colexiadas** no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, de acordo co formulario dispoñible a este fin.
- A **duración** aproximada da presentación será de entre media hora e unha hora, incluída a exposición e unha quenda de coloquio posterior aberta ás persoas asistentes.
- A presentación terá lugar o **primeiro xoves** de cada mes ás 20:00 horas a través da plataforma ZOOM. No caso de que ese xoves non sexa hábil, trasladarase ao seguinte. Tentarase consensuar coa persoa interesada a xornada de presentación, quedando sempre condicionada á dispoñibilidade de datas de acordo coa programación. A **gravación** da experiencia poderase subir á canle de Youtube do COPG, durante o período de tempo acordado.
- A Vogalía de Formación será a responsable de valorar as propostas realizadas, de acordo co seu **rigor científico, pertinencia e interese** de acordo cos obxectivos do ciclo, e comunicará a súa aceptación ou rexeitamento á persoa interesada.
- O COPG compensará cun **bono de Formación** para as actividades do programa formativo do Colexio valorado en 60 euros a cambiar nos seguintes 24 meses (se son varias persoas, repartirase a contía), e emitirase un **certificado** conforme se realizou a presentación.
- Non se certificará a **asistencia**.
- A persoa ou persoas que presenten deberán contar cos **medios** axeitados (ordenador/tablet, micrófono e altofalantes, conexión a internet).



## formulario para propostas

### PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS PARA PARTICIPAR EN "FALAMOS. CICLO DE EXPERIENCIAS COMPARTIDAS DO COPG"

NOME E APELIDOS: \_\_\_\_\_

Nº DE COLEXIACIÓN: \_\_\_\_\_ EMAIL: \_\_\_\_\_ TELÉFONO MÓBIL \_\_\_\_\_

SE PARTICIPAN MÁIS PERSOAS NO WEBINAR, INDÍCAAS Á CONTINUACIÓN XUNTO CO SEU PERFIL PROFESIONAL (MÁX. 3):

\_\_\_\_\_

TIPO DE PRESENTACIÓN:

ESTUDO  INVESTIGACIÓN  PUBLICACIÓN  LIBRO  SESIÓN CLÍNICA

PROGRAMA DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA  OUTRO (DESCRÍBEO) \_\_\_\_\_

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: (podes anexar outra información en PDF)

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

BREVE CV DA(S) PERSOA(S) PARTICIPANTE(S):

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

AUTORIZAS A GRAVACIÓN?  SI  NON

CANTO TEMPO AUTORIZAS QUE ESTEA DISPOÑIBLE A GRAVACIÓN NA CANLE DE YOUTUBE DO COPG?

1 SEMANA  1 MES  1 ANO  ATA QUE REVOQUE A AUTORIZACIÓN

A ACTIVIDADE ESTÁ DIRIXIDA:

PROFESIONAIS DA PSICOLOXÍA E ALUMNADO DE GRAO DE PSICOLOXÍA  POBOACIÓN EN XERAL

ACEPTO A NORMATIVA EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos informámoslle que tratamos a información que vostede nos facilita e cumprimos coa normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable do tratamento é Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, con CIF Q1500265B, con domicilio en Rúa Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, A Coruña, con teléfono 981534049. A finalidade principal é manter as relacións que nos vinculan, en especial cumprimento das obrigas ás que vén sometida a organización debido á Lei de Colexios Profesionais e demais normativa vinculante, é dicir, exercicio competencias públicas, así como o consentimento, e o interese lexítimo tanto propio como da entidade. Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, por tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios en calquera momento. En determinadas circunstancias, poderá solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente os conservaremos para o exercicio ou a defensa de reclamacións, Tamén poderá, por motivos relacionados coa súa situación particular, opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que lle identifique dirixido a [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal) ou dirixíndose ás nosas dependencias. Unha vez cumprimentados os fins para os cales foron obtidos os datos, os mesmos serán destruídos conforme á normativa vixente. Informá-moslle que a nosa Delegada de Protección de Datos é dona Cecilia Barros Díaz (contacto: 981894601, [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal)). Pode consultar a información adicional e detallada sobre a nosa política de privacidade no taboleiro da entidade ou na web [www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal)

